Visto que no dito expediente consta a seguinte documentación:

- Proposta de cesión horario para pagamento á Policía Local, asinada pola Alcaldía-Presidencia o 12-11-2015.
- Providencia da Alcaldía de data 13-11-2015.
- Proposta da Alcaldía de 13-11-2015.
- Informe da Intervención municipal de 13-11-2015, emitindo reparo suspensivo ao pagamento das nomeadas retribucións.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do 30-11-2015.

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Levantar o reparo suspensivo formulado, resolvendo a discrepancia co órgano interventor, xa que dito persoal da Policía Local traballou durante os días festivos 22 de maio (Sta. Rita), 24 e 31 de decembro de 2014 en xornada completa, habéndose negociado co dito persoal compensar con 130,00 € mensuais en lugar de reducirlles a dita xornada.

**Segundo.-** Apróbase o expediente número 3/2015 de recoñecemento extraxudicial de créditos por un total de 27.300,00 € a favor do persoal da Policía Local e nas contías individualizadas relacionadas a continuación:

RETRIBUCIÓNS COMPENSATORIAS Á POLICÍA LOCAL

| APLICACIÓN | DESCRIPCIÓN | TERCEIRO | IMPORTES |
|---|---|---|---|
| 132.151.00 | Ano 2014 | Loureiro Rey, José Luis | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | Fernández Bascuas, Aurelio | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | Campos Villaverde, Santiago | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | Álvarez Vázquez, José Antonio | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | Rey García, José Luis | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | Coto Cabana, José Luis | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | Magariños Camino, Luis | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | Sanmartín Fernández, José Manuel | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | López Louro, José | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | Cardona Constenla, Rafael Manuel | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | Loureiro Carbón, José Enrique | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | Quinteiro Torres, Francisco | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | Gómez Crespo, Pablo | 1.560,00 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 132.151.00 | Ano 2014 | Castro Bernárdez, Raul | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | García Rosende, Ventura | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | Rodríguez Chao, Roberto | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | García Calvo, Javier | 1.560,00 |
| 132.151.00 | Ano 2014 | Miguéns Magariños, Javier | 780,00 |
| | | TOTAL…………........................ | 28.080,00 |

**4º.- APROBACIÓN INICIAL DO PROCEDEMENTO DE DESAFECTACIÓN DE ANACO DE CAMIÑO PÚBLICO RADICADO ENTRE AS LEIRAS NÚMEROS, 427, 428 E 479 DA ZCP DE SAN MIGUEL DE CASTRO - CONSTENLA, PARA A SÚA CUALIFICACIÓN COMO PARCELA SOBRANTE (EXP. 234/14); SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 23-11-2015.** Explica D. Juan Constenla que se procede á desafectación dun anaco de camiño como parcela sobrante, para rematar con este expediente iniciado xa fai tempo.

Coinciden os tres voceiros da oposición amosando o seu apoio ao inicio do expediente. Desexando que se faga en tempo en forma e sen incidencias, como xa aconteceron anteriormente.

Non habendo máis intervencións procedese á votación desta moción, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta asinada en data 17-09-2015 polo Sr. Alcalde, relativa á aprobación inicial do procedemento de desafectación de anaco de camiño público radicado entre as leiras números 427, 428 e 479 da ZCP de San Miguel de Castro - Constenla -, para a súa cualificación como parcela sobrante; interesada por D. José Luis Reimóndez Lagos e Dna. Amparo Asorey Cotovad.

Visto que, en data 15-07-2014 (RE nº 8939) D. José Luis Reimóndez Lagos solicitou a desafectación de anaco de camiño público radicado entre as leiras números 427, 428 e 479 da ZCP de San Miguel de Castro (Constenla), para a súa posterior compra-venda como parcela sobrante, co obxecto de agregala á súa finca colindante nº 479 ZCP de San Miguel de Castro, acompañando, para tal efecto, memoria e planimetría elaborada polo arquitecto técnico, D. Daniel Órrea Corral (de data xullo de 2014).

Visto que, en data 18-12-2014, o Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde) emitíu informe favorable, sinalando substancialmente que:

a) se trata dun anaco que se pode considerar en desuso (se atopa cortado polas obras realizadas con ocasión da construción do ferrocarril de alta velocidade ao seu paso pola zona –totalmente valada-); non presta servizo; está totalmente inutilizado;… .
b) o valor do terreo na zona estímase en 3,00 €/m2, co que a superficie de 445,00 m2 supoñería un importe de 1.335,00 euros.
c) determínanse as leiras colindantes, superficies, etc.

Visto que, do informe elaborado polo Perito Agrícola Municipal resultaría que o terreo público a desafectar e vender se identificaría coa seguinte referencia:

| SUPERFICIE | LEIRAS COLINDANTES |
|---|---|
| 445,00 m2 | Radicado en Constenla, San Miguel de Castro. Linda, Norte, fincas 427 e 428 ZCP de San Miguel de Castro, e resto de camiño público. Sur, finca 479 e ADIF. Leste, finca 479 e camiño público. Oeste, ADIF e fincas 427 e 428. |

(* Consta certificación rexistral de dominio e cargas relativa á finca nº 479 da ZCP de San Miguel de Castro -ou rexistral nº 45.526-, acreditativa da súa titularidade dominical por parte da persoa interesada na solicitude de referencia).

Visto que, en data 19-01-2015 (RE nº 520), o interesado achegou escrito de conformidade referido ao prezo motivado no informe técnico municipal, entre outros estremos.

Visto que, o día 28-01-2015, emitíu o seu primeiro informe xurídico o T.A.X.- Xefe do Servizo

Xurídico de Urbanismo.

Visto que, en data 03-02-2015 (RS nº 573), pedíuse ao interesado a achega de certificación rexistral de dominio e cargas, actualizada, das 3 fincas coas que colinda o anaco de camiño a desafectar; tendo este aportado simples notas informativas o día 03-07-2015 ( RE nº 8881), das que se infire que as fincas números 427 e 428 da dita ZCP aínda están inscritas a nome dos pais do interesado (por outra parte, xa falecidos). E, que a finca nº 479 de igual ZCP é cotitularidade da dona do interesado (Dna. Amparo Asorey Cotovad).

Visto que, o día 23-02-2015 (RE nº 1943), recabouse o pronunciamento de ADIF, declinatorio do seu interese na adquisición da parte proporcional que lle puidera corresponder como titular colindante (renuncia ao seu dereito), de terse aprobado a desafectación e posterior alleamento do significado anaco de camiño público.

*(Esta resposta trouxo causa da consulta municipal que se lle formulara en data 30-01.2015 -RS nº 524-, en base aos razoamentos contidos no dito informe técnico municipal, de xeito que se puxera no coñecemento do único propietario colindante co terreo a desafectar, aparte do interesado, a substanciación do procedemento en curso para que, no prazo de 15 días, se pronunciase sobre si lle interesaba ou non a merca da parte proporcional que lle puidera corresponder segundo o racional criterio de ordenación que se confeccionase pola Oficina Técnica Municipal).*

Visto que, en data 14-07-2015(RE nº 9442), a dona do interesado (Dna. Amparo Asorey Cotovad), manifestou:

- ser coñecedora de que o seu cónxuxe, D. José Luis Reimóndez Lagos, solicitou en data 15-07-2014, a desafectación de anaco de camiño público radicado entre as leiras números 427, 428 e 479 da ZCP de San Miguel de Castro (Constenla), para a súa posterior compra-venda como parcela sobrante, co obxecto de agregala á finca colindante n° 479 ZCP de San Miguel de Castro, da que son cotitulares (sociedade de gananciais).
- que, previo exame do expediente en curso, coñece que, en data 18-12-2014, o Perito Agrícola Municipal emitiu informe favorable, valorando o terreo na zona en 3,00 €/m2, co que a superficie de 445,00 m2, supoñería un importe de 1.335,00 euros.
- que, acepta ese importe como prezo, con prexuízo do ofertado no informe-solicitude inicialmente presentado, que fora asinado polo Arquitecto Técnico, D. Daniel Órrea Corral (1.297,57 euros).
- que, xunto co seu cónxuxe, lle interesa a merca da totalidade do anaco (445,00 m2) unha vez se declare parcela sobrante, de ser o caso.
- que, igualmente, se compromete á achega perante o Concello, no prazo proporcionado que estime pertinente, de acreditación fidedigna da inscrición rexistral da parcela sobrante adquirida, que figure agrupada á finca da súa copropiedade n° 479 ZCP de San Miguel de Castro.

; asemade, presentou copia simple da escritura de protocolización da partición hereditaria decidida polos seus sogros a prol, entre outros, do seu esposo, en relación, aos efectos do presente expediente, coas fincas números 427 e 428 da ZCP de San Miguel de Castro (Notaria, Dna. Almudena Romero López –nº 381/2005, do 7 de decembro-), de sorte que queda acreditada así a titularidade dominical destas a prol do Sr. Reimóndez Lagos (cupo 2 –fincas rústicas-), sen prexuízo da pendencia da súa regularización rexistral, toda vez que aquelas aínda figuran inscritas a nome dos pais deste.

*(* Xa que logo, salvo erro ou omisión, queda acreditado documentalmente no expediente en curso que o único propietario colindante co anaco de camiño público a desafectar, aparte do matrimonio interesado, é ADIF que, por outra parte, renunciou expresamente, por desinterese, á parte proporcional que en dereito lle puidera ter correspondido).*

Visto o artigo 5 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, determinando que os bens demaniais son inalienables, de xeito que, espilos desta cualidade esixirá a tramitación dun expediente de alteración da súa cualificación xurídica acreditando a súa oportunidade e legalidade (artigo 8 RB e 269 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia - en adiante LALGA-).

Vista a oportunidade e o proveito para o Concello xustificada/o no informe do Perito Agrícola Municipal.

Visto que, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, aplicable ás Entidades Locais en virtude do consagrado no seu artigo 2.3 maila Disposición Final II, unha vez desafectado o ben demanial, o seu alleamento pode ter lugar mediante venda directa aos propietarios colindantes interesados, se aquel se houbese declarado parcela sobrante debido á súa reducida extensión, forma irregular ou emprazamento, ou debido a que non fose susceptible do uso axeitado (inaproveitable), como así semella motivalo o Perito Agrícola Municipal no seu informe (artigos 8 e 155 RB;

268 e 277 LALGA).

Visto o segundo e derradeiro informe xurídico emitido en data 16-07-2015 polo T.A.X.-Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto o informe xurídico emitido en data 24-07-2015 pola Secretaria Xeral municipal.

Visto o informe de previa fiscalización asinado pola Interventora de Fondos Municipais, en data 21-10-2015.

Vista, en definitiva, a xustificación que fai o Perito Agrícola Municipal do carácter de parcela sobrante do terreo do que a súa desafectación se interesa, e considerándoo de interese público esta Alcaldía.

Vistas, entre outras, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Regulamento de Bens das Entidades Locais de 1986, a Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e concordantes.

Vistos, especialmente, os arts. 22.2.l) e 47.2.n) da significada Lei 7/1985, do 2 de Abril.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente en data 23-11-2015.

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o procedemento de desafectación do anaco de camiño público radicado entre as leiras números 427, 428 e 479 da ZCP de San Miguel de Castro (Constenla), segundo a seguinte descripción, por considerar que reúne os trazos legalmente esixibles de parcela sobrante, de acordo coa información técnica obrante no expediente:

| SUPERFICIE | LEIRAS COLINDANTES |
|---|---|
| 445,00 m2 | Radicado en Constenla, San Miguel de Castro. Linda, Norte, fincas 427 e 428 ZCP de San Miguel de Castro, e resto de camiño público. Sur, finca 479 e ADIF. Leste, finca 479 e camiño público. Oeste, ADIF e fincas 427 e 428. |

**Segundo.-** Someter o expediente de desafectación a trámite de información pública, polo prazo de 1 mes, en virtude de anuncio exposto no taboleiro municipal e publicado nun diario de gran difusión provincial así como no Boletín Oficial da Provincia; e, notificándose individualmente aos seguintes propietarios colindantes:

- D. José Luis Reimóndez Lagos (Rúa Calvo Sotelo, nº 19 – baixo, A Estrada).
- Dna. Amparo Asorey Cotovad (Rúa Calvo Sotelo, nº 19 – baixo, A Estrada).
- ADIF (Rúa Uría, s/n. Estación de Ferrocarril. 33.003 Oviedo).

**5°.- MOCIÓN CONSENSUADA POR PARTE DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS RELATIVA Á DECLARACIÓN DE A ESTRADA COMO ZONA LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 23-11-2015.** O Concelleiro Delegado D. Juan Constenla procede a dar leCtura á moción consensuada sobre a declaración da Estrada como zona libre de circos con animais.

Intervén a voceira do PSOE dicindo que o PSOE alégrase do apoio e diálogo de todos os partidos e de chegar a acordo por consenso.

A Voceira de MÓVETE atópase satisfeita por acadar o seu obxectivo e alégranse do consenso conseguido. O pilar fundamental é o respecto pola vida de todo ser vivo. Unha sociedade sensible será máis respectuosa e exemplo para os nosos nenos. Valórase este acordo consensuado de todas as forzas políticas.

Por último intervén no seu turno o Sr. Magariños e explica que en 2014 o BNG presentou case o mesmo texto, polo que entona o mea culpa por non haber explicado ben a moción e non ter acadado este consenso naquel tempo. Alégrase de chegar a este acordo, co que non se pretende condear ao circo, senon que se protexe aos animais do maltrato e mal estado que poideran ter nel, por non estar no seu eido natural.

Remata o turno de intervencións o Sr. Alcalde dicindo que este asunto ten unha importancia relativa, pero recoñece o traballo concienzudo neste asunto do Sr. Magariños no seu día, e que quizaís naquel momento había outras cuestións máis trascendentes ou non fora o momento. Recoñece tamen a deferencia de MOVETE no anterior pleno ao deixar o asunto enriba da mesa no pleno anterior pasra acadar un consenso neste asunto.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente de data 23-11-2015.

Vista a moción conxunta de todos os grupos políticos con representación municipal, relativa á declaración da Vila da Estrada libre de circos con animais, e que se transcribre de seguido:

*" MOCIÓN CONXUNTA DE DECLARACIÓN DA VILA DA ESTRADA LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS:*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*A cuestión do respecto cara os animais levou á cidadanía a demandar novas accións en diferentes eidos normativos. O uso de animais en espectáculos circenses é, quizás, un dos aspectos máis surrealistas que ten lugar no noso país, nomeadamente os circos, que ofrecen unha imaxe radicalmente distorsionada do que supón a fauna silvestre.*

*A vida destes animais nos circos caracterízase polo illamento, o castigo, o medo e o cativerio. As exhibicións de animais nos circos ofrecen tamén unha mensaxe educativa negativa. Aínda que os espectáculos circenses non amosen condutas de violencia explícita á vista do público espectador, os actos que os animais teñen que realizar durante toda a súa vida non son habituais nin naturais e, para obrigalos a se comportar deste xeito, sométenos a métodos de adestramento baseados no castigo físico, a privación de alimento e ao illamento do restos dos seus conxéneres.*

*Os animais que viven nos circos están obrigados a permaneceren o resto da súa vida privados de liberdade, atados, engaiolados ou encadeados en camións de traslado, negando calquera posibilidade de satisfacción das súas necesidades etolóxicas e naturais.*

*Un importante número de países e vilas de todo o mundo xa vetaron o uso de animais nos circos con base na súa protección e benestar, ao considerar que a súa exhibición e as condicións de vida supoñen unha crueldade, ao mesmo tempo que incrementan o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especies protexidas.*

*E por iso que propomos:*

*1º.- Que este Concello non autorice nin promova ou ampare a instalación dos circos con animais no termo municipal.*

*2º.- Declarar este Concello vila libre de circos con animais.*

*3º.- Que este Concello non permita a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal.*

*4º.- Notificar este acordo á Xunta de Galiza, aos grupos do Parlamento de Galiza e á Asociación Animalista Libera".*

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Declarar ao Concello de A Estrada como zona libre de circos con animais, pero subliñando/informando, en todo caso, que non é un acto de tal natureza a celebración anual da Rapa das

Bestas en Sabucedo.

**Segundo.-** Dar traslado deste Acordo á Xunta de Galicia e ao Parlamente de Galicia.

**Terceiro.-** Dar traslado deste Acordo á Asociación Animalista Libera, con enderezo en C/Mallorca nº 330 – 08037 Barcelona).

**6º.- PROPOSTA CONSENSUADA DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS PARA DOTAR AO CAMPO DE FÚTBOL DE FIGUEROA COA DENOMINACIÓN "CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL MANUEL REGUEIRO"; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES DE 23-11-2015.** D. Juan Constenla da lectura á proposta presentada e o Sr. Alcalde destaca o consenso de todos os partidos políticos, o que honra a Regueiro, pois se lle recoñece non só como promotor do Deporte na Estrada senon tamén como traballador municipal e que ben merecido o ten xa que era unha persoa á que todos apreciamos. Vaise facer unha homeaxe o 26 de decembro no propio campo de Figueroa.

Coincide Dª Belén Louzao coas palabras do Alcalde, di que o rspecto dun pobo non se compra, senon que se gaña: no fútbol e no servizo aos cidadáns. Agradece esta proposta aos veciños e ao Sporting da Estrada.

Dª Mar Blanco da os seus parabéns a esta iniciativa.

D. Xosé Magariños di que o Sr. Regueiro traballou pola igualdade, pola lingua, polos nenos e nenas...facendo sociedade e veciñanza, pola dignidade da cultura galega. Alégrase de chegar a acordo tan fácilmente neste punto.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta efectuada pola Directiva do Sporting Estrada con data 31-10-2015, relativa ao nomeamento do campo de fútbol de Figueroa como Campo de Fútbol "Manuel Regueiro".

Visto que a devandita proposta está respaldada pola case totalidade dos clubes deportivos do Concello da Estrada, amosando, expresamente, o seu apoi a que o campo de fútbol de Figueroa leve o nome de Manuel Regueiro.

Visto, así mesmo, que a proposta tamén vai acompañada de máis de 3.000 sinaturas de cidadáns estradenses.

Vista a importantísima labor que D. Manuel Regueiro Carbia viña realizando a prol do deporte estradense abarcando, incluso, outros ámbitos, como a cultura, a educación, etc.

Visto o indicado no escrito presentado polo Sporting Estrada: *"...poñéndolle ao Campo de Fútbol de Figueroa o nome de "Manuel Regueiro" estamos honrando ao pobo da Estrada, onde pervivirá por sempre o infindo legado dun dos grandes persoeiros do mundo do fútbol estradense."*

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Cultura e Deportes, adoptado en sesión do 23-11-2015.

**ACORDAMOS:**

Aprobar, a proposta conxunta de todos os partidos políticos municipais, de dotar ao campo municipal de fútbol de Figueroa coa denominación Campo Municipal de Fútbol "Manuel Regueiro".

**7º.- DETERMINACIÓN DA EXISTENCIA DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE HONRAS E DISTINCIÓNS; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES DE 23-11-2015.** D. Juan Constenla explica que existe un regulamento municipal que establece a creción dunha comisión informativa especial de honras e distincións, no que se acredita o procedemento para o outorgamento de honras e distincións polo Concello da Estrada.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Visto o sinalado no artigo 20 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto o sinalado no artigo 66, 67, 68 e 212 da Lei galega 5/1997 de Administración Local.

Visto o sinalado no artigo 29, 38, 123, 124 125, 127 e 134 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o Regulamento para a concesión de Honras e Distincións do Concello da Estrada.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Cultura e Deportes, adoptado en sesión do 23-11-2015.

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Determinar a existencia da Comisión Informativa Especial de Honras e Distincións.

**Segundo.-** A composición de esta Comisión Informativa Especial será a seguinte:

- 6 membros en representación do grupo municipal do PP, incluíndo a presidencia.
- 4 membros en representación do grupo municipal PSdeG-PSOE.
- 1 membro en representación do grupo municipal do BNG.
- 1 membro en representación do grupo municipal MÓVETE.

Visto que o número de Concelleiros é par, establécese a aprobación mediante o voto de calidade do Presidente sen necesidade de acudir a unha segunda votación.

A designación concreta dos Concelleiros membros da Comisión Informativa que lle corresponden a cada grupo realizarase mediante escrito do seu Voceiro dirixido ao Alcalde. Poderá sinalar tantos suplentes como titulares lle corresponden ao seu grupo.

Visto que o Regulamento para a concesión de Honras e Distincións do Concello da Estrada no seu artigo 19 establece que será a Comisión de Cultura, constituída a estes efectos como Especial de Honras e Distincións, a que actúe no procedemento de concesión de honras e distincións.

**Terceiro.-** O Alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións Informativas, non obstante, poderá delegar a Presidencia noutro Concelleiro a proposta da propia Comisión trala correspondente elección efectuada no seu seo.

No caso de que o Sr. Alcalde, despois de efectuada a delegación, acuda a algunha sesión, corresponderalle a el a súa convocatoria e presidencia, non sendo convocado ni acudindo á Comisión algún dos membros designados en principio en representación do grupo municipal do PP.

**8º.- REEDICIÓN E ACTUALIZACIÓN DA GUÍA TURÍSTICA DA ESTRADA E ACTUALIZACIÓN DA PÁXINA WEB DE TURISMO MUNICIPAL; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES DE 23-11-2015.** Dª Mar Blanco propón a creación dunha guía turística cos puntos destacados da Estrada e a actualización da páxina web. Di que valoran de xeito positivo o respaldo das forzas políticas a esta proposta.

Dª Belén Louzao apoia a reedición e actualización das guías e a paxina web. Di que é unha mágoa que faga 4 anos que A estrada está sen guía. E manifesta o PSOE a súa contrariedade por esta falta, debendo ofrecer o noso patrimonio, que é amplo e ademais moi preto de Compostela, para o coñecemento non só dos estradenses senón de todos aqueles que se acerquen á nosa vila.

D. Xosé Magariños lamenta que o PP non seguira co traballo iniciado polo bipartito, que non se continuará coa potenciación do nosos concello, que non só é o Pazo de Oca e a Rapa das Bestas, aínda que estas dúas pezas sexan as xoias da Coroa... di que é unha mágoa que o goberno municipal popular acabara co certame internacional de fotografía da rapa que tiña moita forza e alcance internacional. E ademáis di que non fixeron nada que o substituíra e o mellorara. Di que hai que potenciar o turismo, xa que A Estrada ten o maior número de casas rurais de Galicia.

Non habendo máis intervención procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a moción presentada con data 17-11-2015 (RE nº 14693) polo grupo municipal de MÓVETE, relativa á elaboración dunha guía turística, partindo do traballo feito ata o de agora e aproveitando tantas as guías publicadas e esgotadas, así como a actualización e ampliación dos contidos da web de turismo, dotándoa

dun formato atractivo e manexable para o diseño para facilitar a súa consulta e utilización.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Cultura e Deportes, adoptado en sesión do 23-11-2015.

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Proceder á reedición da guía turística da Estrada nun formato que facilite a súa consulta e utilización, actualizando o seu contido coas novedades que nese ámbito existen no noso municipio.

**Segundo.-** Actualizar a páxina web de turismo de A Estrada coa inclusión de todas aquelas actividades, servizos e atractivos turísticos existentes na actualidade no Concello da Estrada.

**9º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 1261/2015, DE 10 DE NOVEMBRO.** Dáse conta do Decreto da Alcaldía n 1261/2015, de data 10 de novembro, que se transcribe de seguido:

*"Tendo en conta a necesidade de desempeñar as funcións relativas a elaboración das nóminas, e xa que o Concello da Estrada ata que non se aprobe a Relación de Postos de Traballo non conta cun departamento de Persoal, é necesario atribuir estas funcións á funcionaria Dª Paula Yebra Rovira, ata esta data Administrativa-Recadadora no Departamento de Tesourería, funcións que quedaron valeiras de contido unha vez que a Deputación Provincial de Pontevedra asumíu a recadación do Concello da Estrada*

*Visto o informe emitido pola Secretaria da Corporación de data 10 de novembro de 2015*

*RESOLVO*

*PRIMEIRO. Asignar as seguintes funcións: elaboración de nóminas, seguros sociais e IRPF mensual, ademáis de relacións coas administracións públicas implicadas neste proceso, á funcionaria de carreira Dª. Paula Yebra Rovira, cuxo posto é Administrativa, grupo C1, do Departamento de Tesourería. Para o mellor desempeño das funcións asignadas, o Concello da Estrada, facilitará a formación do funcionario mediante a autorización de asistencia a Cursos e Xornadas relacionadas co traballo a realizar, nos termos previstos na normativa vixente.*

*SEGUNDO. Notificar a presente Resolución á interesada para o seu coñecemento e para que manifeste expresamente a súa conformidade ao desempeño das funcións asignadas, no prazo de 10 días, así como ao Rexistro de Persoal do Concello e a Intervención aos efectos que procedan.*

*TERCEIRO. Dar conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre."*

O Pleno da Corporación queda sabedor.

**10º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2015.** Dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 30 de outubro de 2015 (ambos os dous incluídos), que comprenden dende o nº 1074/2015 á nº 1228/2015.

O Concello en Pleno queda sabedor.

**11º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE 2015.** Dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 3 e o 30 de novembro de 2015 (ambos os dous incluídos), que comprenden dende o nº 1229/2015 á nº 1369/2015.

O Concello en Pleno queda sabedor.

**FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Antes de pasar ao punto de Rogos e Preguntas, o Sr. Alcalde-Presidente pregunta aos membros asistentes a esta sesión plenaria se teñen algunha moción de urxente para levar fóra da Ordeo Día.

**A.- CAMBIO DA DATA DE CELEBRACIÓN DA PRÓXIMA SESIÓN ORDINARIA A CELEBRAR POLO PLENO DA CORPORACIÓN.-**

Por unanimidade vótase a urxencia e por unanimidade apróbase cambio de pleno de xaneiro á data 11 de xaneiro de 2016.

*********************

**12º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Dª Belén Louzao, Voceira do PSOE, plantexa as seguintes preguntas:

1.- Pregunta pola "desbrozadora fantasma": quén a fai? Quén a finanza? Qué criterios se fan para desbrozar?

Resposta o Sr. Alcalde que existe un Convenio coa Consellería de Medio Rural que obriga a desbrozar este tipo de camiños. O plan de desbroce o fai o departamento de Medio Rural co asesoramento da Consellería e de SEPRONA: o tractor é aportado pola Xunta e o desbroce se fai cos medios municipais.

A Belen Louzao lle sorprende que o fagan en novembro e pide copia do plan de desbroce.

2.- Pregunta pola reunión de cara á subvención que pensa solicitar ao Concello, cáles foron os criterios de selección de asociacións para participar nas mesas e os diálogos? Por qué unhas foron invitadas e outras non?

Resposta o Sr. Alcalde que a Estratexia Feder 2020 empezou cunha enquisa na que todos os interesados quixeron participar. O segundo paso foi a convocatoria de entidades e asociacións co interese nesta estratexia; foron citadas en torno a cen a través de chamadas telefónicas. Se algunha non foi convocada, que se dirixa a Alcaldía, teñen prazo de presentación de propostas ata o proximo mércores e asistiron ás mesas 60 asociacións.

A Voceira socialista di que a resposta non lle convence; lamenta que diga que é un procedemento aberto e sen embargo deixe fora a moitas asociacións, non só a tres.

3.- No programa electoral do PP figuraba a construción de catro pistas de padle por parte do Concello e, sen embargo, parece que agora pensa ceder a unha empresa privada unha infraestrutura publica a un particular, que saque beneficio a costa de todos. É certo?

Resposta o Alcalde que este goberno apoiou ao deporte sempre (por exempolo, no Coto Ferreiro arranxaron goteras e baños; as instalacións de Callobre; a zona deportiva da Academia de Seguridade; obra do campo de futbol de Figueroa...), así que clama o ceo que digan algo respecto dos nosos compromiso co deporte.

Explica a cuestión do frontón dicindo que hai que facer unha inversión no pavillón do Pérez Viondi de 100.000 euros para a práctica deportiva e presta maiores servizos que o frontón, polo que entende que deben optimizar as actuacións e non duplicar servicios.

Di que agora preséntase un escenario distinto que require distintas solucións, que les non van facer como o bipartito e ver como cae a goteira... di que este Concello aporta máis de 100.000 euros vía subvención máis 50.000 para organización de eventos e a cesión gratuita das instalacións. Queren buscar alternativa ao atletismo, e traballarán para dar cobertura e servizo aos nosos deportistas.

Resposta Dª Belen que sempre acaba botando balóns fóra en todos os asuntos. Di que a eficiencia deste goberno en materia deportiva é lamentable, e lle pide que aposte pola xestión pública do deporte e que non deixe a práctica do mesmo en máns duns poucos.

O Alcalde resposta que parece que non se explicou ben; di que non prometeu nada, a diferencia do seu candidato desaparecido... di que o tema do frontón quedou deserto vinculado á piscina e agora o van resolver, tomando as decisións que consideren necesarias. O seu compromiso co deporte é claro e van buscar unha

solución satisfactoria, cunha xestión rigurosa e optimizando os recursos, que, como todos saben, son limitados.non se plantexa a xestión directa deste servicio, pero van recoller nos pregos unha serie de horas reservadas a escolas deportivas e xente con poucos recursoso. Di que nadie vai quedar sen facer deporte.

Dª Belen Louzao volve a preguntar polos criterios para asignar as instalacións deportivas? O Alcalde resposta que son os de sempre, os mesmos que cando gobernaron eles.

Dª Belen roga ao Sr. Alcalde que sepa estar e que non faga mofa de persoas que non están aquí presentes. Espera que deixe esas prácticas burlescas. O Sr. Alcalde resposta que non hai burla ningunha na súa intervención, só unha referencia ao candidato municipal socialista, que debería estar aquí se respectase ao seu electorado e non renunciar ao seu posto por haber perdido as eleccións. Dª Belén di que por parte da oposición hai un respecto absoluto ao concello, roga que retire o tono burlesco da súa intervención; que se quere ir ao Clube da Comedia que vaia, pero no plenario non faga burla de ninguén.

Resposta novamente o Alcalde que o seu respecto é absoluto e que non hai tono de burla algun na súa intervención.

De seguido pasa a intervir a voceira do grupo MÓVETE que roga a convocatoria de Cultura e Deportes para dar solución á U.D. Estradense, polas dificultades que atravesa. De seguido fai as seguintes preguntas:

– Se lle da resposta por escrito á pregunta de violencia de xénero que presentou no rexistro.

– Pregunta polo orzamento da merenda no Samaná, que veu nun anuncio na prensa: se lle contesta dicindo que a empresa adxudicataria das actividades para maiores no rural sempre remata cunha xuntanza, que é asumida pola empresa concesionaria.

– Di que ante a falta de vontade do Padroado da Fundación de Exposicións e Congresos, pregunta quén e cándo se establece a participación dos membros no Padroado? Resposta o Sr. Alcalde que os Estatutos da Fundación establecen que ao Concello como patrono lle corresponden tres representantes que se reparten do seguinte xeito: Alcalde, Concelleiro de Industria e outro do maior partido da oposición. Pide Dª Mar que sexa o Pleno quen elixa os tres representantes no Padroado da Fundación.

– Pregunta tamén pola elección do Presidente da Fundación? Resposta o Alcalde que o Presidente do Padroado é o Conselleiro de Industria, segundo os Estatutos, e da Fundación sería o xerente, que fai máis dun ano que non hai.

Por último, interven o Sr. Magariños, dicindo que en outubro e novembro pedíu unha serie de documentación e a data de hoxe non recibíu nada. Roga que no prazo máis breve posible se lle faga entrega da mesma.

Tamén pide a reparación do chan do Pavillón, con cemento, non con baldosas.

Pregunta, por último, pola xestion da PO-213. Contesta o Sr. Alcalde que se fixo unha inversión de 200.000 euros, que a obra non foi moi acertada pois ten menos de quince anos e xa está debilitada. Di que é unha actuación necesaria e importante, pero complexa, cun coste considerable. Di que tamén necesitan arranxos na estrada a Padrón e a Santiago, o que se pedíu á Xunta de Galicia.

Intervén o Sr. Magariños dicindo que hai que reclamar a débeda histórica das nosas comunicacións cos limítrofes, para dar pasos para saldala.

O Sr. Alcalde contesta que está totalmente dacordo, que aí hai moito traballo q facer e traballar nesa dirección coa autovía, a variante e a conexión coa AP-9.

**********************

Antes de dar por finalizado o Pleno e dentro do que é o Regulamento de Participación Cidadán, calquera persoa do público pode solicitar o uso da palabra para facer un rogo ou unha pregunta, previa identificación co seu documento nacional de identidade.

Pide a palabra D. **José Pombo Mato (DNI 76857719X)** agradecendo a aprobación por unanimidade do cambio de nome do campo de fútbol de Figueroa a favor do nosos querido Regueiro.

Resposta o Sr. Alcalde agradecéndolle a D. José Pombo a sua intervención e recalcando que parte deste acordo débese ao seu interese e participación.

A continuación, intervén **D. Luis Rey (DNI 35457338D)**, dando lectura ao seguinte escrito:

*"Unha vez tivemos coñecementos a través da prensa que este goberno pretende aprobar a RPT sen retocala, e tras adquirir firmeza a Setenza 247/2015 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, onde condenan ao Concello da Estrada a tramitar ata o seu fin a RPT do Concello da Estrada; e, considerando que esta proposta de RPT ten suficiente cantidade de irregularidades que poden ser contrarias a dereito e non reunir as características que require unha RPT, e co obxecto de que poidan ser corrixidas co fin de darlle máxima seguridade xurídica ao mencionado documento e poder evitar así calquera recurso sobre as cuestións que aquí vou a mencionar e outras detectadas por outros medios, como poden ser os informes preceptivos dos técnicos municipais, poidan levar o documento a ser revogado na súa totalidade polos Tribunais de Xustiza; pois, do contrario, cabería pensar que podía facerse deste xeito intencionadamente co fin de alongar no tempo a súa aprobación. É polo que me vexo na obriga de comunicar o seguinte ante este Pleno antes de que sexa aprobada a mesma:*

*1º.- En fecha 9 de junio do 2014, mediante escrito con rexistro de entrada número 7.147, advertimos, ante a imposibilidade legal de crear novos postos de traballo e tendo en conta que na proposta realizada polo goberno nese momento unha vintena de novos postos de traballo, instamos a que se pronunciase Intervención para adoptar o documento da maior seguridade xurídica. Que dito documento carecía dun estudio previo de postos de traballo en que amparar toda a RPT, así como que se nos dixese quen era a persoa ou persoas encargadas de elaborar, por si estas gozaban da capacidade suficiente para elaborar dito documento, ou ben poideran ser parte interesada e, polo tanto, parciales.*

*2º.- En fecha de 6 de abril de 2015, mediante escrito con rexistro xeneral de entrada 3.813, advertimos que tratar de facer subsistir o Convenio Colectivo de 1996 en materia retributiva, onde a RPT quedaría relegada a formar parte dun complemento de dito Convenio ao darlle valor aos factores contemplados no mesmo, sin que dita valoración desos factores fóse feita nese momento de forma obxectiva.*

*3º.- Esta proposta de RPT feita polo goberno leva incorporada case 60 postos de traballo de nova creación, cando a lexislación actual non permite crear novos postos, co cal debería facer un organigrama da actual situación e contemplar unicamente os existentes e aqueles que a lexislación actual lle permita, como, por exemplo, pode ser o caso do Xefe da Policía Local.*

*4º.- As fichas de funcións dos postos de traballo son moi xenéricas, debendo ser máis precisas, salvo as da Policía, que xa na propia Sentenza se di que veñen ben recollidas as súas funcións, así que debería de facerse o mesmo co resto. Esto foi unha aportación nosa.*

*5º.- Como xa dixemos, facer unha vinculación da RPT co Convenio non a consideramos axustada a dereito posto que se producirían diferenzas no valor do punto entre uns postos e outros, de xeito que uns percibirían un punto a un prezo máis elevado que outros polo mesmo número de puntos nese factor, sendo imposible de axustar... valoralos todos de igual xeito, para o cal debemos de valorar todos os factores en todos os postos para fixar o valor, e para fixar o valor do punto consideramos que non se pode ter en conta unicamente o que este goberno consigna que son os 182.000 euros, senón que haberá de engadir o que suman os complementos non consolidados, tanto no persoal laboral como no persoal funcionario (como pode ser o complemento específico no caso do persoal funcionario).*

*6º.- No tocante á negociación e tramitación, consideramos que o goberno actuou de mala fe ocultando aos técnicos municipais, os cales terían que informar todo o documento da RPT, as actas nas que se tratou a RPT, tales como a da sesión de fecha 21 de marzo de 2014, 22 de maio de 2014, 12 de xuño de 2014, 16 de febreiro de 2015 e 29 de abril de 2015; así como dos escritos presentados polos Sindicatos, posto que deberían de formar parte do expediente e os técnicos nos seus informes non mencionan ningún deses documentos presentados.*

*Asimesmo hai unha serie de irregularidades, como que as actas non foron votadas nas Mesas de Negociación para ser aprobadas, non foron pasadas para firmar e, o máis grave de todo, moitas delas non recollen fielmente o que se*

*debateu nas Mesas, nin se deu oportunidade aos Sindicatos de poder corrixilas, xuntando ata un total de nove para aprobalas todas xuntas e onde se nos deu menos de vintecatro horas para corrixilas, a pesar a requerirllas nas Mesas de Negociación para que as foran aportando Mesa a Mesa, xunto coas grabacións, posto que ía ser imposible acordarse de todo o tratado en varias Mesas atrasadas e pola extensión das mesmas. Para colmo, consideramos que tampouco foi correcto que se lle remitisen sen firmas aos técnicos municipais para o seu informe.*

*Ademais, remitíronselle, como así consta no seu informe de 24 de abril de 2015 (fecha na que se lle remitiron para que poideran emitir o seu informe), as actas de 15 de diciembre de 2014, 27 de enero de 2015, 9 de febreiro de 2015, 20 de febreiro de 2015, 6 de marzo de 2015, 23 de marzo de 2015 e 24 de abril de 2015; emitindo estos informe de 28 de abril de 2015, cando se lle remitiron estas mesmas aos sindicatos na convocatoria feita o 28 de abril de 2015 polo tarde, ou sexa, o mesmo día que emitían informe os técnicos municipais para ser aprobadas na Mesa de Negociación do día 29 de abril de 2015, co cal as mesmas atópanse sen corrixir, votar e aprobar cando foron remitidas aos técnicos e despois de que estes emitiran os seus informes. Se isto non é mala fe...díganme entón.*

*Deixar patente con estos documentos que lle vou entregar agora ao Pleno, que tiveron coñecemento con tempo suficiente para poder corrixir estas cuestións que ata o de agora non fixeron e que terminen corrixindo para axustala á lexislación, pois do contrario poderíamos estar non caso de que se poida ditar unha resolución inxusta e a sabendas.*

*Con todo isto pregúntolle a este Pleno se van a aprobar nestas condicións a RPT, como dixeron na prensa, sen retocala, ou, pola contra, a van a corrixir para darlle garantías xurídicas para que poida saír adiante?."*

Contesta o Sr. Alcalde que a RPT non crea postos de traballo, que a crea a oferta de emprego público; non é certo que non estean ben recollidas as actas pois tomouse no seno delas o acrodo de non transcribir as intervencións senon só os acordos aos que se chegase. Di que os técnicos non teñen que ter en conta as actas da mesa para facer os seus informes, senón que informan o documento obxecto de aprobación; a RPT a aproba o goberno municipal e non necesita o apoio dos sindicatos aínda que sí é necesario que previamente pase por mesa de negociación, non obstante esta RPT conta co apoio do sindicato maioritario dos traballadores.

Di que a RPT faise polos traballadores, xa que ao goberno lle va a supoñer un cero de retorno. Di que hai que buscar a mellor fórmula, pero co apoio dos traballadores e que se queren que se aprobe un documento que recolla as funcións dos traballadores e o organigrama sen tocar as retribucións, pois adiante. Di que o documento que se aprobe vaise axustar á nova lei e as previsións legais. Di que os traballadores terán un prazo dun mes dende a aprobación inicial para facer alegaciónse que o que busca o goberno é o beneficio de todos os traballadores non duns poucos. Recalca que a algúns só lles preocupan os cartos e ao goberno o que lle preocupa é a prestación dos servicios aos cidadáns. Teñen 186.000 euros de todos os cidadáns da Estrada para repartir entre os funcionarios, da maneira máis equitativa; está na súa man facelo ou non.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión ás vintetrés horas trece minutos minutos.

A Estrada, 10 de decembro de 2015
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso